



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la normalización del gallego en la Administración de Justicia.**

En 2001, el Estado español firmó la Carta Europea de las Lenguas, un compromiso para asegurar el reconocimiento y la equiparación de derechos de las distintas lenguas oficiales por parte de los poderes del Estado, así como para garantizar el derecho de las personas a utilizarlas plenamente en la vida privada y pública. Se contempla expresamente el compromiso de las Partes signatarias de eliminar cualquier distinción, exclusión, restricción o preferencia injustificada en cuanto al uso de una lengua.

En concreto, en relación con la Administración de Justicia, el artículo 9 de la Carta establece que tanto en los procedimientos penales como en los civiles y administrativos, los Estados Partes deben asegurar que los órganos judiciales puedan llevar los procedimientos en los diferentes idiomas oficiales, así como redactar los documentos relativos a los procedimientos judiciales en dichas lenguas.

Sin embargo, la aplicación informática para la gestión de los procedimientos Minerva, en funcionamiento desde hace más de 20 años, además del conjunto de formularios y modelos impresos, únicamente están en español, lo que impide, en la práctica, la tramitación en gallego. Por este motivo, para instar a la implantación de medidas que permitan la tramitación en gallego, el BNG presentó enmiendas durante el proyecto de Ley de Eficiencia Organizativa, que finalmente fueron aceptadas y quedaron así incorporadas al artículo 434 bis de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial, que será un objetivo prioritario de la cooperación entre el Ministerio de Justicia y las Comunidades Autónomas con competencias transferidas en esta materia «establecer los medios materiales que permitan que el conjunto del procedimiento, las comunicaciones y los actos de impulso procesal puedan desarrollarse íntegramente en todas las lenguas oficiales del Estado, garantizando así el respeto de los derechos lingüísticos de los ciudadanos».

La falta de instrumentos que faciliten la tramitación en gallego hace que solo el 3,5% de los procedimientos judiciales se realicen en esta lengua y solo por voluntad de los diferentes agentes, por lo que es necesario articular los mecanismos, aplicaciones y modelos que lo



hagan posible. Actualmente se está trabajando en la implantación de la nueva aplicación informática de gestión procesal, denominada ATENEA, que debería estar operativa en 2026. Sin embargo, esta herramienta informática no está previsto, por el momento, que esté habilitada en gallego, por lo que el problema continuaría.

Recientemente, la Hermandad Jurídica Gallega, organización que agrupa a cientos de profesionales de la justicia gallega, envió comunicados tanto a la Xunta de Galicia como a su Consejería de Justicia como al propio Ministerio exigiendo que garantice que la nueva aplicación informática se cree con herramientas que permitan su pleno uso en gallego. Una medida esencial para garantizar la posibilidad del pleno desarrollo de la justicia en la lengua elegida por las partes.

El Ministerio debe comprometerse con la normalización de las distintas lenguas oficiales en la Administración de Justicia y deberá, por tanto, adoptar las medidas necesarias para que la nueva aplicación que previsiblemente entrará en funcionamiento en el mes de enero esté disponible, desde el primer momento, en gallego y español. Se trata de una actuación básica para cumplir con sus obligaciones como firmante de la Carta de las Lenguas y para demostrar su compromiso con la normalización de todas las lenguas oficiales y del gallego en particular.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Es consciente el Gobierno de que el nuevo Sistema de Gestión de la Justicia Atenea seguirá sin permitir su uso en gallego, incumpliendo así los compromisos adquiridos como firmante de la Carta Europea de las Lenguas?
2. ¿Adoptará las medidas necesarias para garantizar que la herramienta informática Atenea que sustituirá a Minerva permita el desarrollo completo del proceso en gallego?
3. ¿Garantizará que el nuevo programa informático facilite la utilización de formularios, modelos y documentos en gallego para los procesos judiciales?
4. ¿El Ministerio de Justicia coordinará sus actuaciones con la Xunta de Galicia, con



competencias transferidas en materia de justicia, para lograr el citado objetivo de que Atenea incluya el gallego, y que sea en edición bilingüe y no monolingüe en español como es la aplicación Minerva?

5. ¿Se compromete el Gobierno a iniciar todas las acciones necesarias para lograr la plena normalización de la lengua gallega en la Justicia?

Madrid, a 21 de junio de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

21 JUN. 2025 11:50:33

Entrada **73844**

Pregunta sobre a dispoñibilidade en galego do Sistema de Xestión Xudicial Atenea

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á normalización do galego na Administración de Xustiza.**

O Estado español asinaba en 2001 a Carta Europea das Linguas, un compromiso para asegurar o recoñecemento e equiparación de dereitos das distintas linguas oficiais por parte dos poderes do Estado, así como garantir o dereito das persoas a utilizalas plenamente na vida privada e pública. Expresamente contéplase o compromiso das Partes asinantes a eliminar toda distinción, exclusión, restrición ou preferencia inxustificada a respecto da utilización dunha lingua.

No concreto, en relación coa Administración de Xustiza o artigo 9 da Carta establece que tanto nos procedementos penais, como civís e administrativos, os Estados parte deben asegurar que os órganos xurisdicionais poidan levar o procedemento nas distintas linguas oficiais, así como tamén, redactar nesas linguas os documentos referentes a un procedemento xudicial.

Porén, a aplicación informática para a xestión dos procedementos Minerva, que leva xa máis de 20 anos en funcionamento, ademais do conxunto de formularios e modelos de impresos están unicamente en español, impedindo na práctica a tramitación en galego. Por este motivo, para urxir a pór en marcha medidas que permitan a tramitación en galego, o BNG presentou emendas durante ao proxecto de Lei de Eficiencia Organizativa, que finalmente foron aceptadas e quedou así incorporado no artigo 434 bis da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, que será obxectivo prioritario da cooperación entre o Ministerio de Xustiza e as Comunidades Autónomas con competencias

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

21 JUN. 2025 11:50:33

Entrada **73844**



transferidas nesta materia “estabelecer os medios materiais que permitan que o conxunto do procedemento, as comunicacións e actos de impulso procesual podan desenvolverse integramente en todas as linguas oficiais do Estado, garantíndose así o respecto polos dereitos lingüísticos dos cidadáns”.

A falta dos instrumentos que faciliten a tramitación en galego fai que só 3,5% das actuacións xudiciais sexan realizadas nesta lingua e só pola vontade dos distintos actores, por iso é preciso artellar os mecanismos, aplicacións e modelos que o fagan posíbel. No momento actual, está traballándose para a implantación da nova aplicación informática para a xestión procesual, chamada ATENEA, que deberá estar operativa en 2026. Porén esta ferramenta informática tampouco está previsto, polo momento, que se habilite en galego, polo que o problema continuaría.

Recentemente, a Irmandade Xurídica Galega, organización que aglutina a centos de profesionais galegos da Xustiza, dirixiu comunicados tanto á Xunta da Galiza e a súa Consellaría de Xustiza como ao propio Ministerio reclamando que se asegure que a nova aplicación informática nace coas ferramentas que permitan o seu pleno uso en galego. Unha medida imprescindible para garantir a posibilidade dun pleno desenvolvemento da xustiza na lingua elixida polas partes.

O Ministerio debe comprometerse coa normalización das distintas linguas oficiais na Administración de Xustiza e debe, por tanto, adoptar as medidas precisas para que a nova aplicación que prevé entrar en funcionamento no mes de xaneiro estea dispoñíbel, xa desde o primeiro momento, en galego e en español. É unha acción básica para cumprir coas súas obrigas como parte asinante da Carta das Linguas e para demostrar o seu compromiso coa normalización do conxunto das linguas oficiais e do galego en particular.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:



1. É consciente o Goberno de que o novo Sistema de Xestión Xudicial Atenea seguirá sen permitir o seu uso en galego incumprindo así os compromisos adquiridos como asinante da Carta Europea das Linguas?
2. Adoptará as medidas precisas para garantir que a ferramenta informática Atenea que substituirá a Minerva permita o completo desenvolvemento do proceso en galego?
3. Asegurará que o novo programa informático facilite a utilización de formularios, modelos e documentos en lingua galega para os procesos xudiciais?
4. Coordinará o Ministerio de Xustiza as súas actuacións coa Xunta de Galiza, con competencias transferidas en materia de xustiza, para lograr o citado obxectivo de que o Atenea, inclúa o galego, e que sexa en edición bilingüe e non monolingüe en español como é a aplicación Minerva?
5. Comprométese o Goberno a iniciar todas as accións precisas para lograr a plena normalización da lingua galega na Xustiza?

Madrid, a 21 de xuño de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso